

CIG-SAÚDEinforma

CAL É A SITUACIÓN NO CONFLITO DOS PACs. 2019

O pasado 23 de maio tivo lugar unha reunión no SERGAS entre o comité de folga de PACs e a Dirección xeral de RRHH para negociar (a función dun comité de folga é negociar) a última proposta presentada polo SERGAS referente ás condicións laborais do colectivo.

Nesta reunión o comité de folga acadou o compromiso de facer unha consulta ax traballadorxs de PACs para coñecer a súa opinión e trasladar, dita opinión, antes da mesa sectorial do día 26 de maio.

Dado o escaso marxe de tempo, na mesa sectorial do día 26 de abril, desde CIG-SAÚDE propuxemos adiar o tema até a próxima reunión de mesa sectorial do día 3 de maio, para que o comité de folga tivese tempo de realizar a consulta e todas/os coñezamos a opinión do persoal afectado.

Despois da reunión celebrada no SERGAS o día 23 de abril, e antes de realizar a consulta ao persoal afectado, xurde unha proposta de retirar o punto 4.- Computo de xornada, do posible acordo que se chegue co SERGAS.

Non podemos entender que despois dun ano de conflito e sen mais explicacións, se retire da negociación un dos puntos que mais prexuízo está a causar na liquidación de xornada complementaria, con unha perda importante nas retribucións.

E as opcións que se están a escoitar son:

- **Deixar o computo de xornada para reclamación xudicial**, a sinatura dun acordo non impide que se denuncie en vía xudicial se o SERGAS o incumpre. Deixar todo en maos xudiciais, obriga a que o persoal teña que presentar unha demanda por cada un dos permisos que se solicite e o SERGAS non liquide correctamente a xornada complementaria. Se as sentenzas son negativas, despois non cabe negociación.
- **A outra opción que se escoita é deixar fora do acordo o punto 4.- Cómputo de xornada, mais solicitar ao SERGAS que o aplique**; querémolo sen dicir que si?

Se queremos que algo se aplique, o mellor é recollelo nun documento que garanta os seu cumprimento, e que se poida constituír unha comisión de seguimento para velar polo seu correcto funcionamento.

Ser comité de folga non é doado, asumir responsabilidades tampouco, mais é o que o persoal acepta cando asume participar nel.

Na era da informática a proposta non pode ser nin fórmulas nin aplicativo, e como dicir que queremos que a nómina, a cita médica, a receita das/os doentes ou as peticións de probas se fagan de xeito manual.

A solución do conflito non pasa pola ferramenta informática que se utilice, se non porque o SERGAS recoñeza que o está a facer mal, e o corrixa.

<http://www.cig-saude.info/MONFORTE/>.

CIG.SAUDE.HCMonforte@sergas.es

☎ 982 41 78 85 / 673 04 11 11

